

Á atención do alcalde do Concello Chantada

Solicitude de Por Chantada-CUP en relación co *Plano de acción para o clima e a enerxía sustentábel (PACES)*.



Cruz Fernández Rodríguez e Antom Fente Parada, concelleiros do Pleno do Concello de Chantada polo grupo municipal Por Chantada-CUP, con enderezo electrónico, a efectos de notificación, en cupchantada@gmail.com.

EXPOÑO:

Visto que o 30 de xaneiro de 2020, en sesión ordinaria do Pleno do Concello de Chantada –última até agora–, se aprobou por unanimidade a *Moción de Por Chantada-CUP para declarar a emerxencia climática no Concello de Chantada e sobre adopción de medidas no eido local para un horizonte sen carbono* (ponto 7º da orde do día e expediente G-36/2020), rexistrada o 5 de decembro pola concelleira Cruz Fernández Rodríguez¹.

¹ Dispoñíbel en <https://porchantada.files.wordpress.com/2019/12/mocic3b3n-de-por-chantada-cup-para-declarar-a-emerxencia-climc3a1tica-no-concello-de-chantada-e-sobre-adopcic3b3n-de-medidas-no-eido-local-para-un-horizonte-sen-carbono.pdf> (última consulta 04/06/2020).

Visto que o aprobado incluía unha emenda do PSOE o acordo final era do seguinte teor:

- 1.- Declarar a emerxencia climática no Concello de Chantada.
- 2.- Desenvolver en 2020 un censo das toneladas de carbono fixadas no noso territorio, cando menos aquelas que son públicas ou pertencen a CMVMC, como ponderación para determinar a importancia estratéxica e económica do Concello de Chantada no horizonte da descarbonización e para reforzo do tecido empresarial instalado no noso territorio.
- 3.- Dar cumprimento urxente ao acordo plenario quinto do día 3 de outubro de 2019, adoptados por unanimidade.
- 4.- Promover e realizar medidas que melloren a eficiencia enerxética dos edificios públicos existentes no Concello de Chantada e incluír criterios de aforro enerxético como eixo principal nos proxectos que se realicen de novos edificios.
- 5.- Aprobar un Protocolo local de fomento e conservación das estradas municipais con cobertura vexetal (PEMCOVE), que atenda ás indicacións da exposición de motivos da presente moción.
- 6.- Convidar os Concellos de Carballedo e Taboada a adoptaren un compromiso análogo ao exprimido nos puntos 1, 2 e 4 deste acordo, para avanzarmos conxuntamente como comarca pioneira na descarbonización.
- 7.- Exixir ás AA.PP. que nas cotas de carbono se atenda ao seguinte extremo: o CO2 secuestrado nunha comarca natural debe enlotarse apenas nesa comarca favorecendo o seu desenvolvemento.
- 8.- Demandar que a Xunta da Galiza mida o carbono emitido e fixado en cada concello de comarca do país e aposte por unha xestión como a indicada no punto 5º do acordo.
- 9.- Trasladar o presente acordo á FEGAMP, á FEMP, á Deputación de Lugo, aos ministerios de Fomento e Medio Ambiente e á Xunta da Galiza.

Visto que no DOG nº93, do 14 de maio de 2020, se publicou a *Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentábel, cofinanciadas polo Fondo Europeu de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e que se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020* (código de procedemento MT21OA).

Visto que o Concello de Chantada non dispón de *Plano de acción para o clima e a enerxía sustentábel* (PACES) redactado nen aprobado.

Visto que o Concello de Chantada se adheriu o 13 de maio de 2019 ao *Pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía*.

Visto, xa que logo, que o Concello pode acollerse, no prazo dun mes, á devandita orde para traballos de asistencia técnica até un importe máximo de 6.000€ en virtude do noso censo actual.

SOLICITO:

- 1.- Remitir á empresa de asistencia técnica que redacte o PACES que teña en conta os acordos de 30 de xaneiro indicados *ut supra* ou en todo caso o presente escrito.**
- 2.- Dar razón da consideración que o Goberno fai desta solicitude.**
- 3.- Permitir o estudo e participación no PACES.**